



Adegasolicitaagardarpor mudanzas nas zonas de alto potencial eólico

Organizaciónsecoloxistas eo BNG rexeitan as poxas da eólica mariña

Redacción | Nós Diario

O Ministerio español para a Transición Ecolóxica iniciou os trámites para aprobar as bases que rexerán os concursos para a adxudicación de parques eólicos mariños. Estas bases deberán concretar as áreas, a potencia, os prazos e os criterios de valoración dos proxectos. Os desenvolvementos localizaranse nas ZAP (Zonas de Alto Potencial), definidas nos POEM (Planos de Ordenamento do Espazo Mariño) aprobados en 2023. Porén, o pasado novembro o Estado iniciou tamén o procedemento de consulta ambien-

tal do segundo ciclo de planificación dos POEM. Neste novo ciclo, e tal e como solicitaron organizacións como ADEGA, o Ministerio español aposta por unha revisión da planificación inicial e pretende introducir criterios como a reserva de zonas para amortecer impactos, a restauración da biodiversidade, a protección de caladoiros e áreas de cría, o risco de colisión con cetáceos ou o papel dos ecosistemas mariños como sumidoiros de carbono. Ante esta revisión, Adegaconsidera que os novos criterios poderían provocar modificacións nas zonas designadas como

de alto potencial eólic, polo que critica que xa se iniciase a tramitación para adxudicar proxectos. Con esta idea coincide a portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, que mostrou onte o seu firme rexeitamento ao impulso que o Goberno central pretende dar á enerxía eólica mariña, cualificándoo de "mazazo enorme" para o sector pesqueiro galego. Pola súa parte, o secretario xeral da patronal da eólica mariña, GOE-Asime, Enrique Mallón, valorou positivamente o anuncio da consulta pública para a primeira poxa de eólica mariña, aínda que sinalou que "tería que chegar antes".